



/:Ai Bazar ai Bazariño:/
a aghua da túa fonte
no beber parece viño.

De las hijas de mi padre
yo soy la más calavera,
más calavera ca yo
no la pasea mi tierra.
Ai le le lo...

/:Canta, mi vida, y no llores:/
aunque yo me voy desta tierra
no se van tóde-los hombres.
Ai le le lo...

Dime a dónde vas, morena,
dime a dónde vas, salada,
dime a dónde vas, morena,
solita por la mañana.
Ai le le lo...

A miña muller murriume,
enterreina nun valado,
cando paso por alí
chíscoll' o ollo de lado.
Ai le le lo...

A miña muller murriume,
enterreina nun palleiro,
os meus fillos a chorar
eu a tocar no pandeiro.
Ai le le lo...

/:Xalleiro vai para Xallas:/
o que che digo xalleiro
que para Durán non vaías.

Se quere plantar salgheiros
váinos plantar a Silván,
que na terra d' Enxerisos
salgheiros non se dan-e.



Canta o cantar de Xallas,
canta o cantar xalleiro,
canta o cantar de Xallas
que é mui ben fuliadeiro.

Canta y no lleves pena
que la Virgen del Pilar-e
en Saraghosa se queda.

Rapasas de Varilonco,
non coma-los ovos todos
á volta de nove meses
ha d'haber rapases novos.

O crego a maila criada
ordenaron de coser,
tiñan a leña no monte,
a fariña por moer-e.

O crego e maila criada
montaron os dous na burra,
na pirmeira carballeira
dou nunha...fura.

O cura vendiu, vendiu,
non tivo mais que vender,
vindiú os ovos do niño
coa ghana de comer-e.

Eu aquí non canto máis
que me chamarán un tolo
adevertido de máis-e.

Eu aquí nun canto máis,
que eu aquí nunca cantei,
por se-la pirmeira ves
non sei como salirei-e.

Costureiriña gharrida,
a túa aghulla picoume
non podó ghana-la vida.

Miña nai, o pote ferve,
as vosas fillas non vén-he,
elas sonche bonitiñas
alghún enrediño tén-he.



Miña nai quere me casar,
miña nai, non teño roupa,
casa, miña filla casa,
cunha perna tapa i-outra.

Miña nai quere me casar,
afresiume canto tiña
e despois de casadiña
paghoume cunha ghaliña.

Miña nai quere me casar
afresiume bois e vacas
e despois de casadiño
dounha cunca de papas.

Repoliño repolado,
quén che me dera rapaza
o teu ropolo plantado.

Qué medin, qué me dirán?
dinme que non teño amores,
nesta terra non se dan.

... no mandil
ten un legharto...
O viño vaise bebendo
o cariño vai entrando
a honra vaise perdendo.

Dime qué tienes, qué tienes,
qué coño vas a tener-e,
tienes la casa caída
y no la puedes ergher-e.

Canteiros de Pontevedra
pican na pedra miúda
pican na muller allea
outros lle pican na súa.

Carpinteiros e canteiros
son un fato de ladróns,
carpinteiros rouban nenas
e canteiros corasóns.